

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	O VICEDO
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa María de Cabanas
<b>Dirección</b>	Lugar da Igrexa, 5. 27868
	43.628004 -7.687758
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	Igrexa de planta rectangular, fabricada con muros de cachotería graanítica e pizarrosa rebocada de cal con sillería nas partes máis nobres, cuberta a dúas augas de pizarra na nave. Construída por orde do bispo de Mondoñedo e custeada por Fernán Pérez de Andrade, non se sabe con exactitude cando comezaron as obras (crese que no ano 1392) nin cando remataron, aínda que si hai constancia de que, ao menos no ano 1446, xa estaba en plena actividade tal como se desprende dun documento no que se le: “Fernán López, clérigo de Santa María de Cabannas”. Da obra oxival só queda a nave cos brasóns dos Andrade, así como un xabaril (símbolo da mesma familia) situado nun ángulo do aleiro do pórtico cunha cruz lobulada no lombo. O adro e o campanario adosado ao frontis datan do século XVIII. No interior, capela maior con cúpula semiesférica, arco triunfal de medio punto, pía bautismal oxival e retábulo maior salomónico, tamén do século XVIII. É de destacar o escudo que hai no tímpano da portada coa inscrición “+ ER(N)ANDO P(ERE)S/DANDRADE MANDOU FAZ/ER C(OA) S(UA) AJU(DA)” que, xunto co de Riobarba, constitúen dúas importantes testemuñas de tímpanos heráldicos dada a súa pouca frecuencia en Galiza.
<b>Campás</b>	3 campás.
<b>Fotos</b>	3
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	13-03-2024

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Campanil	<a href="#">Campanil</a>	<a href="#">ANÓNIMO (GALICIA)</a>	1767	40	37

Torre-campanario	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">MANCHADO, JACINTO</a>	1997	66	166
Torre-campanario	<a href="#">Inmaculada Concepción</a>	<a href="#">MANCHADO, JACINTO</a>	1997	79	285

Información completa: [Igrexa de Santa María de Cabanas - O VICEDO \(GALICIA\)](#)

PDF (15-05-2026)